

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de xullo de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 11.00 horas do día 19 de xullo de dous mil dezanove, reúnese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Unha vez constatada a existencia de quórum suficiente, declárase constituída a comisión.

**2º.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN
INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL NO
DEPUTADO PROVINCIAL DON PLÁCIDO ÁLVAREZ DOBAÑO**

O Sr. presidente dá conta da súa proposta.

Non se producen intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión acorda:

- Proponerlle á Presidencia a delegación do exercicio das funcións de presidencia da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial a favor do deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño.

E, ás 11.02 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.